

# PALLARES



Roberto Blanco Torro

REVISTA ESCOLAR EDITADA POLO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO C. P. I. DE GUNTÍN E SUBVENCIONADA POLO GABINETE PROVINCIAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CURSO 1.998/99

SUMARIO:

.EDITORIAL

.LETRAS GALEGAS 1.999: ROBERTO BLANCO TORRES

.OPINIÓN

.TRABALLOS DOS ALUMNOS DE EDUCACIÓN INFANTIL

.TRABALLOS DOS ALUMNOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

.TRABALLOS DOS ALUMNOS DE E.S.O.

.ENTREVISTA

.PÁXINAS LITERARIAS

.DEPORTES

.HUMOR E PASATEMPOS

.PECHE

# EDITORIAL

Ola lectores :

Aquí está como tódolos anos "Pallares", a revista máis coñecida do colexo de Guntín. Con ela, tentamos facer unha pequena homenaxe ó día das letras galegas; (adicado este ano a Roberto Blanco Torres), un galego exemplar. Tamén pretendemos achegarvos unha mostra do traballo, divertirvos e entretervos, e que así poidades lembrar vellos tempos cos ñosos contos.


Tedes ante os vosos ollos un traballo feito con ilusión polos rapaces/as do colexo. Todo está escrito en galego, xa que é a nosa lingua nai.

Pregámosvos que nos disculpedes os erros xa que non é o noso forte escribir revistas.

Esperamos que sexades fieis, e que, como tódolos anos non nos esquezades.

P.D.: Verémosnos no ano 2000, non nos falledes.

3º DA E.S.O.



Este ano o día das Letras Galegas adícaselle ó xornalista e escritor Roberto Blanco Torres. Con este traballo queremos contribuir a honra da figura deste escritor das Nosas Letras.

Roberto Blanco Torres naceu o día 18 de marzo de 1891 en Cuntis(Pontevedra).A pesar de non ter máis estudos que os primarios, volveuse un ávido lector e manifestou un precoz interese pola cultura e, en particular, pola literatura e polo xornalismo. Emigrou a Cuba no ano 1906, alí coñece a xornalistas e escritores moi importantes coma Basilio Álvarez. No ano 1926 escribiu un libro titulado "*O orballo da media noite*." O día 18 de xullo do 1936 Roberto Blanco Torres decide retirarse porque ese mesmo día prodúcese o levantamento militar contra o goberno democrático da República e retírase discretamente ao lugar de Amido (A Peroxa), onde descansaba na compañía da súa muller. A mediados de setembro é localizado e detido polo levantamento militar contra as institucións democráticas da IIª República, supuxo a destrución total da Asociación de Escritores de Galicia, coa morte de sete dos seus fundadores. Inicialmente é levado para o cárcere de Celanova, máis os muros da prisión só serán horizonte durante unha noite. Na mañá do día 2 de outubro apareceu o seu corpo sen vida nunha parroquia de San Fiz de Gález (Entrimo), onde está soterrado.

Como testemuña da súa produción poética reproducimos o seguinte poema que se titula:

## *AS RAICES*

O machado fendeuno,  
con cego fatalismo;  
caeu o carballo ó chan  
como un mostro sin vida.  
Había aguantado os ventos,  
os huracáns e os raios,  
forte, sereo,  
solitario.  
Nil fixeron os paxaros  
os seus niños,  
cunas quentes, garimosas;  
ó seu socaire,

baijo un ceo de follas,  
hubo tenruras parentales,  
e arrouto de amores,  
e armoñía de cantares.  
Tiña unha vegetal simbólica;  
regalo dos ollos, sombra e arrimo;  
berce, lume no lar, cadaleito.  
Caeu o carballo á Terra:  
peroas súas raíces-venas telúricas-  
siguen copondo  
o eterno poema biolóxico.

ALBERTO FERNANDEZ LOPEZ 2º E.S.O.

## GUERRA EN YUGOSLAVIA. O CORAZÓN DE EUROPA

O día 23 de Marzo deu comezo un ataque no vello corazón de Europa. O ataque foi levado acabo pola O.T.A. (Organización do Tratado do Atlántico Norte); tras as duras negociacións co culpable de todo, o presidente "Milosevich". Tal quen di que todo acabaría se fosen onca el e pegarlle un tiro. Pero para iso había que atopalo, cousa que é imposible porque é máis escurridizo cas anguías. A O.T.A.N. iniciou o seu ataque dende a base militar de "Aviano", onde tamén se reúnen ás veces os xefes de estado da O.T.A.N. para estudia-la situación. A peor parte de todo isto lévana os refuxiados que se ven obrigados a fuxir a terras estranxeiras. Todo isto pasou porque a O.T.A.N. quería recuperar os terrenos a "Milosevich" que non cedía, e como di os ditos "quen as busca atópaas" e "o que avisa non é traidor".... A principal misión da O.T.A.N. é recuperar as terras para darllas ó pobo kosovar.





A miña opinión desto é que as buscou e atopounas, e sobre o de morrer xente, home eso esta moi mal, pero nunha guerra sempre morre xente inocente e culpable, porque os soldados fan o que lles mandan; porque senón formanlles un consello de guerra e podellen caer ó soldado moitos anos de cárcere ou a expulsión das "Forzas Armadas Profesionales".



O expresado nesta folla é a miña opinión persoal sobre o asunto. Gracias por botarlle unha ollada.

AUTOR: *Hugo Conde Liz*  
#  
de 6º PRIMARIA

# ASI DIBUXAN

## ANIMALES EN 3-4 AÑOS






FAN



ARELO

HIPOPOTAMO

VIEGO



WAK TABODA

TAL



LOBO

ALBA



SERPIENTE



A PRIMAVERA (Educação Infantil - 5 anos)


OS PAXIÑÓS ESTAN FAEDO OS  
NIDOS NA PRIMAVERA.




NA PRIMAVERA AS ABELLAS  
VAN BUSCAR O NECTAR AS  
FLORES E LÉVANO AS COLMEAS  
E FAN O MEL.



AS AN DURNAS VOLVEN NA PRIMAVERA  
PORQUE FAI BOM TEMPO.




na primavera naden as  
follas novas nas ar-  
bores de folia caduca.



## O PAXARO QUE NON SABIA ONDE FACER O NIÑO

Era un pascaro moi pequeniño que non sabía onde facer o niño. Un día foi mirar un castirol e non había sitio. Estaba todo cheo de corvos e de xilgaros. Mais adiante atopou un niño raro. Pensou que non era dun pascaro e colleuno e quedouse nel. Estuvo algúns días nel. Apareceu por alí o pascaro carpinteiro. Era máis forte e botouno fóra.

O pascariño púscose moi triste. Marchou buscar outro sitio. Atopou unha silveira. Alí fíxose o niño e quedou nel para sempre.



1<sup>o</sup> de P.

Terera

é unha caixa de sorpresas:

Ten a Noris  
metido no armario.

Victoria

é unha historia  
só come cenoria.

Lucía Vivero Ferrerúa

A miña prof Victoria  
subiu a unha noria.

O meu amigo Benxamín  
corre máis ca min.

A prof Teresa  
quitalle a súa mesa.

Alex Núñez Varela

Na primavera  
comín unha pera.

Na biblioteca  
vin unha muñeca.

En xaneiro atopéi  
un caldeiro.

En marzo  
vin un pazo.

Carmen Vilar Arias

Onte choreu moito  
e escribín un cito.

Onte, pedín un xelado  
e deronme un dado.

Raquel Buján Gandoz

Os ratos  
comeron moitos cartos.

Ana Taboada Varela

Martín perdeu  
un calcetín.

Martín Álvarez Vilela

Abírn a ventá  
da casa do papá.

Álvaro Rodríguez Neira

Se che gusta a bañeira  
cásate con ela.

Benjamín Sousa López

Eu teño un carballo  
que en vez de dar lardos dá allos.

Ay mocos da casa de Rubén  
apéganse á sartén

Eu teño un can  
que lle gasta moito o pan.

Luis Vázquez Arias

Simón

leva un pantalón.

Rubén Serén Rodríguez  
Na parroquia de Diego

hay un crego chamado Morego.

Diego Beltrán Pena

Un ratón  
méteuse nun caixon  
como un melón  
e tamén un xamón.

Eva Vázquez Vilela

Se bailas ó revés  
darás un traspés.

Alba Sufuentes Vázquez

## Adiviñas

Ten catro patas,  
non pode camiñar  
pero se estamos cansados  
ben nos pode axudar.

Sandra Reigosa López

Polo camiño  
vai un patariño  
colleulle cariño  
a un lichino  
Ten catro patas  
pero é máis lento  
co gato  
¿Cal é?



Salvador Carneiro Lamas

Ten ollos e ás,  
ten cores amarelo e negro,  
vai de flor en flor,  
pero cando alguén lle molesta  
dálle un bon pinchazo  
¿Quen é?

Simón Seijas Rodríguez

# OS DEBERITOS DO NENO

Tódolos seres humanos temos dereitos e deberes fundamentais.  
 As Nacións Unidas promulgaron o 10 de Decembro de 1948, fai 50 anos, un documento titulado «Declaración Universal de los Derechos Humanos». Pero como o neno proba súa falta de madurez física e mental necesita protección e cuidados especiais, en Novembro do ano 1959 a «Asamblea das Nacións Unidas» desenvola «Os Dereitos do Neno» que nós, os nenos e nenas do 2º Cíelo de E. Primaria, lembramos hoxe.




**1 IDENTIDADE**  
 Dereito a que se me respecte tal como son, a desenvolver a miña personalidade, a vivir según as miñas crezas e tradicións.



## 2 Familia

Dereito a unha familia que me queira e que me cuente, a compartir actividades con meus pais e non ser separado deles, se non é necesaria para o meu benestar








Dereito, a, cuidados médicos e a desenvolver hábitos de vida saudables, libres de drogas, a vivir no lugar non contaminado e apacible

☀ 3 Saude


4 Educación

Dereito a unha educación para aprender a convivir e ser mellor, a unha escola na que me sinta feliz e con mozo de aprender.



☀ 5º Xogo

Dereito a dispoñer de tempo, con compañeiros e lugares para xogar



6 Igualdade

Dereito a non ser discriminado e a recibir atención e trato especiais se os necesito.





☀ 7 Protección

Dereito a que non manquen o meu corpo nin os meus sentimentos, a non recibir malos tratos, humillacións nin abusos sexuais, a non ser explotado.


### 9 Participación

Dereito a recibir información adecuada, a reunirse con outros nenos, a participar e a que as nosas opinións sexan tidas en conta.



### BEM-ESTAR

Dereito a que os meus pais poidan dispoñer dos recursos necesarios para desenvolverme e vivir dignamente.



### 10 P A Z

Dereito a vivir nunha sociedade en paz e sen violencia, e a formarme en espírito de solidariedade, tolerancia e amizade.



### 11 OS MENOS PRIMEIRO

Dereito a que as decisións se tomen desde as necesidades dos nenos.



### 12 Solidariedade

Dereito a que os países colaboren no desenvolvemento de todos os nenos do mundo.

## DIN

Á señora directora  
os nenos e nenas de quinto  
sábenlle face-la pelota  
e son os seus nenos bonitos.

Os nenos e nenas de quinto  
saben xogar ben ó balón,  
pero cando se cabrean  
danche un empurrón.




Os nenos e nenas de quinto  
teñen moi bo corazón,  
pero cando perden  
discuten sen razón.

As nenas de sexto  
din que non sabemos perder,  
pero elas fan trampas  
e dannos patadas nos pés.

Cando as nenas de quinto  
metemos un gol,  
as nenas de sexto  
enfádanse un "mogollón".



Xa está ben de discutir,  
abrazarse ou dá-la man  
para que de hoxe en diante  
entre nós sempre haxa paz.



## REPLICAN

Din os nenos e nenas de sexto  
que somo-los nenos bonitos da directora  
o que non saben eles ben  
son as "bronicas" que nos tocan.

Os nenos e nenas de sexto  
péganlle unha patada o balón,  
e se llo quitamo-los de quinto  
rematamos cun "moratón".


Os nenos e nenas de quinto  
non saberemos perder,  
pero non faledes moito  
que vós tampouco o sabedes facer.

Se nós as de sexto  
metemos patadas e xogamos mal,  
as de quinto picádesvos  
e ídesnos acusar.

Non faledes moito  
que inventades argalladas  
e cando nos facedes algo  
nós quedámonos calados.

Alumnos de 5º e 6º

Este tractor, CASE INTERNACIONAL, ten 85 CV de potencia. Ademais é cómodo, e está perfectamente equipado para a agricultura.  
Debuxado por Diego Rodríguez.



## GALICIA E OS INCENDIOS FORESTAIS

Galicia foi sempre unha rexión moi castigada polos Incendios Forestais, con anos especialmente dramáticos nos que arderon máis de 200.000 ha. de tercio forestal das que cerca de 10.000 incendios foron contabilizados. A administración autonómica é consciente do grave problema económico, social e ecolóxico que supoñen os incendios forestais e decide impulsar no ano 1990 a creación duns servizos específicos capaces de defender os montes contra a onda de destrución que hasta agora viña desastancando. É así como se crean os servizos de Defensa Contra Incendios Forestais.

### OS INCENDIOS FORESTAIS PRODÚCENSE ALGUNAS VECES POR:

- Algunha persoa que sen darse conta faza unha copia encendida o chan, por queimas de materiais xente que pon o lume no monte e non o apaga debidamente.
- Por algun fenómeno natural como un raio.
- Ou por xente que os provoca intencionadamente.

### AS CONSECUENCIAS DOS INCENDIOS FORESTAIS:

- Que os donos das fincas quedan sen as árbores ou as plantacións.
- Que algunhas familias quedan sen vivendas.
- Que haxa máis contaminación.
- Que se destrúan zonas ou paisaxes de moito valor ecolóxico que a natureza e o home lle levou moitos anos e esforzos crear.
- Que se destrua o chan e perda fertilidade.
- Que se perdan vidas humanas.
- Que morran moitas especies de animais que no peor das causas, nunca se poden recuperar.

## MEDIDAS PREVENTIVAS.

- Ter conciencia do perigo que supón facer lume nos montes, sobre todo nos meses nos que fai máis calor.

- Limpar os montes.

- Que a administración poña os medios necesarios para quitar os incendios e para que, no caso de que se produzan, sexan o menos perxuciosos.


## UN CASO REAL.


O día 10 de Abril deste ano era sábado facía un día estupendo. Dúas rapazas de 13 e 15 anos do colegio de Guntín Vixon lume pero non sabían onde. Entón despois de tanto buscar e buscar, por fin, atoparon o camiño que levaba o fogar do incendio onde ardían, alomenos, unhas 3ha. de pinos. Para controlar o incendio había 11 bombeiros, tamén estaba o dono da finca que ardeu. Estas dúas rapazas e dous rapaces de 6 e 8 anos, axudaron a apagar o lume por onde a auga non chegaba.

Entón o Axente Forestal que estaba por alí deu-lles as grazas os rapaces por axudar a apagar o lume.

Se algunha vez non hai nai de para controlar o incendio chame a este número: 085, a chamada é gratis

GRACIAS POR COLABORAR.





10 A (E.S.O.)

# CUROSIDADES DO ECOSISTEMA MARÍNO

Os alumnos de 1º ESO fixemos traballos sobre o ecosistema mariño. De entre todos sacamos algunhas curiosidades, imos compartilas con vós.

Galhiño: - Pode alcanzar unha velocidade de 35 Km/h  
- É capaz de ver, a través do eco, sabe distinguí-los peixes, rochas,...

Algas: - Encóntranse entre os animais máis primitivos da Terra.

O Narval: - Vive no Ártico exclusivamente, segue o avance ou retirada estacional dos xeos.  
- Reprodución: as crías nacen despois de 15 meses de xestación. Unha femia pare cada 3 anos.

Polbo: - Litan entre si, e que gaña ponse de cor vermella escarlata e o perdedor ponse gris e despois branco.  
- Só se reproduce unha vez na vida.

Raias: - Existen trescentas corenta especies.  
- Utilizan a cola como látigo.  
- Teñen glándulas venenosas.  
- A respiración invertece cada 10 minutos para te-las bránqueas e os espiráculos limpos de area.

Cabalos de mar: - O macho é o que se encarga de incubar os ovos numa bolsa que possui no abdome.

Orca: - As residentes num sítio determinado podem ocupar um área de centos de quilómetros quadrados.

- Constituem um animal mitológico para muitos povos indígenas, sobre todo para os nativos da costa pacífica do noroeste de América.

Baleas: - São os animais mais grandes, não só do mar, senão de todos os animais vivos.

- A mais grande é a baleia azul.

- Os primeiros pescadores foram os Vascos, há mais de 100 anos.

Lamprea: - Têm uma fila de sete aberturas a cada lado do seu corpo pelas que respiram.

- Todas as lampreas se reproduzem em água doce nas correntes claras com fundos de areia.

- Os indivíduos adultos vivem do sangue de outros peixes causando serios estragos.

Curso de: 1.º de ESO



# Enquisa sobre consumo de tabaco e/ou alcohol

Esta enquisa pasóuselles ás alumnas e ós alumnos de 1º, 2º e 3º de Educación Secundaria Obligatoria (E.S.O.) do C.P.I de Guntín.

O número total de enquisas feitas foi de 85.

## -OBXECTIVOS:

- Coñecer ata onde chega o contacto que os alumnos de Educación Secundaria Obligatoria do noso colexio teñen co tabaco e co alcohol.
- Coñecer a información de que dispoñen estes alumnos en relación ás referidas drogas.
- Valorar que causas, segundo a opinión destes alumnos, inflúen máis no inicio do consumo destas drogas chamadas "legais" ou "sociais".
- Elaborar, se é posible, algunhas conclusións que nos permitan tomar conciencia do problema que estas drogas supoñen para o conxunto de sociedade e, tamén, sinalar algún tipo de medidas tendentes a concienciar ó alumnado, ó traveso da información, para que non caiga no consumo, esporádico primeiro e habitual despois, de drogas que non favorecen ningún aspecto da personalidade humana, e que, pola contra, crean graves problemas tanto a nivel personal, familiar como social.

REXISTRO E AVALIACIÓN DA INFORMACIÓN RECOLLIDA NAS  
ENQUISAS EN RELACION Ó TABACO.

Número total de enquisas feitas.....85

PREGUNTA 1	ITEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
¿Fumas?	Habitualmente	1	4	5
	Ocasionalmente	16	12	28
	Nunca	31	21	52

P. 2	ITEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
¿Cómo te iniciache no contacto ou no consumo do tabaco?	Só	7	9	16
	Con amigos do colexio	5	5	10
	Con amigos maiores	1	7	8
	Con algún familiar	2	2	4
	Co teu/túa noivo/a	0	3	3
	Outros	4	4	8

P. 3	ITEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
¿Pensás que se pode ser igual de feliz fumando ou sen fumar?	Si	40	22	62
	Non	4	3	7
	Non opino	5	10	15

P. 4	ITEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
¿Prohibirías a venda de tabaco se poideses?	Si	24	17	41
	Non	10	9	19
	Non opino	15	10	25

P. 5	ITEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
¿Consideras que o tabaco é unha droga?	Si	34	24	58
	Non	6	6	12
	Non opino	10	5	15


P. 6.	ÍTEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
Calificación de 0 a 10 de los siguientes factores que influyen en el consumo o no de contacto con el tabaco	Fumar fai sentirse maior	173	114	287
	Que fumen algúns membros da familia	165	111	276
	Que fumen os/as amigos/as	180	148	328
	Que fumen os modelos sociais	107	104	211
	Que fumen os/as profesores.	159	110	269
	A publicidade	154	129	283
	Que te rechacen no grupo	189	138	327
	Pensar que fumar é bo para relaxarse	143	148	291
	Que fume o/a rapaz/a co/a que saes.	160	146	306

P. 7 ¿QUÉ CHE PARECE QUE SE PODERÍA FACER PARA QUE SE FUMARA MENOS?

RESPOSTAS:

- Rebaixar-la publicidade.
- Inventar unha enfermidade nova para que os fumadores colleran medo.
- Dicindo o maló que é nos medios de comunicación.
- En vez de producir tabaco producir un chiclo ou calquera outra cousa co mesmo sabor.
- Vender o tabaco máis caro.
- Non vender tanto tabaco.
- Prohibir o tabaco.
- Non prohibir ós rapaces que fumen porque se fai máis o que está prohibido.
- Pechar todas as fábricas do tabaco.

A maioría insisten nestas mesmas cuestións.



REGISTRO E AVALIACIÓN DA INFORMACIÓN RECOLLIDA  
 EN ENQUISAS EN RELACIÓN O ALCOL.

Número total de enquisas feitas.....85

PREGUNTA 1	ÍTEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
¿Tes probado algunha bebida alcólica?	Si	32	30	62
	Non	13	5	18
	Nonr opino	3	2	5

P. 2	Ítems	NENAS	NENOS	TOTAL
¿Onde?	Na casa	11	14	25
	En festas familiares	10	13	23
	En bares	8	4	12
	En discotecas	8	7	15
	Outros	2	8	10

P. 3	ÍTEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
Se bebes, ¿cándo o fas?	Sempre que podes	2	2	4
	Nas festas	9	9	18
	Os fins de semana	2	3	5
	Outros	15	14	29

P. 4	ÍTEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
¿Quén te empurreu a proba-lo alcol?	Algún familiar	5	4	9
	Os/as amigos/as da clase	6	6	12
	Amigos ou veciños maiores	5	8	13
	A publicidade	4	7	11
	O teu/úa noivo/a	3	3	6

P. 5	ITEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
¿Pensas que o alcol é unha droga?	Si	16	21	37
	Non	15	8	23
	Non opino	15	10	25

P. 6	ITEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
¿E o café?	Si	9	6	15
	Non	26	22	48
	Non opino	12	10	22

P. 7	ITEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
¿Pensas que prohibir a venda sería a solución?	Si	13	11	24
	Non	19	13	32
	Non opino	15	14	29

P. 8	ITEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
¿Pareceche que é necesario emborracharse para pasalo ben?	Si	2	2	4
	Non	37	30	67
	Non opino	8	6	14

P. 9	ITEMS	NENAS	NENOS	TOTAL
¿Por qué pensas, entón, que unha gran parte da xuventude abusa de alcol cando sae a divertirse? Puntúa de 0 a 10.	Porque o alcol diminúe a timidez	128	94	222
	Porque beben case todas	166	133	299
	Porque tamén o fan os maiores	148	111	259
	Por imitar os modelos sociais	132	84	216
	Por carecer doutras posibilidades de diversión	133	66	199
	Porque te rechazan no grupo se non bebes	152	112	264
	Porque nos hai esquecer os problemas	187	125	312
	Porque é bo para facer a dixestión	98	84	182
	Porque crea moitos postos de traballo	122	93	215
	Porque nos acostumamos desde pequenos a celebra las festas bebendo	189	101	290

## CONCLUSIÓNS

### Observase que:

-Un número significativo de nenos e rapazas ten probado algunha vez o tabaco e/ou bebidas alcólicas.

-O número de alumnos do colexio que consumen este tipo de drogas de forma máis ou menos habitual e ben escaso. Pero si ~~hai~~ algúns que o fan.

-Os factores que inflúen nos rapaces para iniciarse no consumo destas drogas son diversos. Dos datos recollidos dá a impresión de que non hai un que sexa especialmente determinante. Incluso, non sempre coinciden na valoración os nenos e as nenas. Parece que o que verdadeiramente inflúe e a suma de todos eles.

-A escola debe buscar un espacio e un tempo para traballar estes temas de cara á prevención. Canto máis información teñamos en relación coa problemática das drogas, máis posibilidades de defensa teremos contra elas. Podemos ser máis críticos, gañaremos confianza en nós mesmos e seremos máis capaces de decidir según nos interese, polo tanto, poderemos contrarrestar mellor as influencias negativas.

ESTE TRABAJO FOI REALIZADO POR:

VERÓNICA LÓPEZ MOURENZA

ROCÍO CASTRO DÍAZ

VANNESSA FERNÁNDEZ SOMOZA

VANESSA VÁZQUEZ MOURENZA

PAULA NÚNEZ PÉREZ

(1º B de E.S.O.)

# Xacobeo



Contan as lendas que o Apóstolo Santiago, despois de predicar en España voltou a Xerusalén e alí o Rei Herodes mandouno decapitar. Atanasio e Teodoro, discípulos seus, fuxiron co corpo e chegaron ata o que hoxe é Pa-drón. Alí reinaba a raiña Lupa e pedíronlle un anquiño de terra para en-terra-lo seu santo Mestre. Ela non quería negar nin outorgar e mandounos onda Régulo e este mandounos encarcerar. Milagrosamente un anxo soltounos. Fuxiron pero perseguíronos os soldados e cruzaron o río por unha ponte de pedra e cando quixeron pasar esta emborrallouse e afogaron tódolos solda-dos.

Voltaron xunto á raiña e dixéronlille que non os engañara máis e que lles dera uns bois e un carro. Ela accedeu pero non eran bois, senón touros bravos. Eles fixeron o sinal da cruz e pronunciaron o nome "Santiago" e os touros amansáronse.

Colleron o carro e levaron ó Apóstolo ata Santiago de Compostela gruiados por unha estrela e enterrárono alí.

Contan que a raiña Lupa, abraiada por tantos milagres, mandou tirar o templo de Ara Solis e fíxose ó cristianismo.

A historia do Xacobeo é moi longa. Comeza así:

No século IX un ermitán viu un resplandor e unha música. Foi avisar ó bispo Teodomiro de Iria que investigou o suceso. Seguíu o camiño da es-trela e descubriu os restos do Apóstolo Santiago. O bispo mandou cons-truir alí un santuario e aquel milagre chamoulle "Campus Stealle".

Polo tanto, o encontro coa tumba de Santiago e coa súa memoria é achegar-se a quen foi testemuña dos feitos salvadores do Señor. É aproximarse ás raíces da fe.

Dende aquela comezaron a chegar peregrinos, e hoxe tantos peregrinos fo-ron chegando que se crearon cidades, pontes e camiños, coma:

O Camiño Francés: que pasa por Pamplona, Burgos, León e Lugo. Tamén se chama Camiño das Estrelas.

O Camiño do Norte: que recorre as costas do País Vasco, Cantabria e As-turias.

O Camiño da Prata: que pasa por Cáceres, Plasencia, Bejar, Salamanca ata chegar a Ourense.

O Camiño Inglés: que conecta co porto de Ferrol. Poden vir viaxeiros das illas Británicas, da península Escandinava, e ata de lugares máis lonxa-nos.

Entre as repercusións da peregrinación son de gran importancia as que se manifestaron na arte, na cultura e mesmo na mentalidade. Este patrimonio fixo que o Consello de Europa, declarase o conxunto das rotas composte-lás primeiro "Itinerario cultural europeo".

En torno ó Camiño de Santiago floreceu unha importante actividade comer-cial.

Os piadosos peregrinos que viñan do centro de Europa ó corazón de Galicia traían consigo lendas, contos, relatos e cantares, e foron as súas rome-rías un dos vehículos de entrada da cultura europea de entón. A poesía trovadoresca galaico-portuguesa, a primeira manifestación culta do lirismo na lingua romance na Península, prendeu ó contacto de chispas traídas de Provenza polos devotos romeiros de Santiago. Así resume Unamuno a evidente importancia que o camiño tivo para a literatura, ben como transmisor e receptor da cultura ou ben como inspirador de temas para a creación literaria.

Tamén este fenómeno cultural aparecido ó abeiro das peregrinacións sufriu oscilacións debidas ós cambios europeos e peninsulares. Según parece, a poesía galaico-portuguesa débé gran parte do seu esplendor ó auxe das peregrinacións. Menéndez Pelayo supón a orixe da lírica galego-portuguesa en torno ás peregrinacións a Compostela.


As necesidades dos peregrinos chegaron a crear, incluso, un tipo peculiar de arquitectura "as igrexas de peregrinación" con tribunas abertas ó interior da nave en todo o seu percorrido, e xirolo ou deambulatorio cunha coroa de capillas radiais, permitindo o continuo axetreo das multitudes. Construíronse igrexas coma as de: Sta. María, S. Pedro, S. Juan, S. Isidoro, A Peregrina, S. Martín, Sta. María a Real...

Como unha forma de identificación, os peregrinos adoptaron unha vestimenta característica:

Morral, indispensable para carga-los obxectos que o peregrino leva consigo que, ó igual co bordón, se lle entregaba e bendecía ó partir. Serve para leva-los víveres que o camiñante recibía en forma de esmola ó longo do percorrido.

Bordón, é un bastón que servía de apoio durante o camiño e para defenderse de animais. Determinábase que na cerimonia de partida se bendecise este impotante obxecto.

Sombreiro e capa, son prendas para protexer do frío ó camiñante. Tiñan como adorno, cosida, unha cuncha.



Unha vez en Santiago, o peregrino chegará á catedral. O rito comeza no Pórtico da Gloria onde a tradición dice que debe pousa-la man no oco feito polas mans de miles de romeiros. Despois haberá que trasladarse á parte oposta da parteluz donde o peregrino dará tres golpiños na cabeza do Maestro Mateo. Na cripta visitarase o Arca-Relicario do Apóstolo. Antes de irse, os peregrinos poderán solicita-la "compostelana", documento concedido pola Catedral compostelana. Tódolos días celebrarase a misa do peregrino. Poderase ver voar o botafumeiro. Nos últimos anos a economía foi cobrando peso nas peregrinacións. Fóronse creando albergues para os peregrinos e outras actividades comerciais.

#### Actos en Santiago, exposicións:

Santiago invita a visitar o colexio, o mosteiro e a tradición xacobeá.

Todos con Santiago, seis exposicións monográficas que recorreron Santiago de Compostela, Vigo, Lugo, Ourense, A Coruña e Pontevedra.

Camións. Selección de pintores e escultores do século XX das comunidades Cantábricas.

Verónica Rey López;

Sonia García Abelairas;

Laura López Souto; en representación do curso de 2º E. S.O.



# DROGAS ¿POR QUE?

## 1. INTRODUCCIÓN.

Xa se sabe que o fenómeno persoal e social das drogas é moi importante, un dos máis importantes do noso tempo. Aféctanos a todos: a tódolos países, a tódalas clases sociais e a un número considerable de familias e de persoas.

Pero dentro do problema das drogas habería que distinguir entre as que se coñecen como "drogas sociais" ou "ilegais" -alcohol, tabaco, café...- e as que reciben o calificativo de "ilegais"-heroína, cocaína, "porro", pastillas...-. Está claro que as que máis alarma social producen son as drogas ilegais, sobre todo polos problemas de roubos, crimes, mortes por sobredose, etc, que levan asociados. Pero non é menos certo que as chamadas drogas legais, entendidas no seu conxunto, eran unha problemática individual, familiar e social moi considerable tamén. Xa que, se ben é verdade que os problemas do tabaco e do alcohol son asumidos pola sociedade como algo "case normal", prodúcense moitas máis mortes os efectos que producen non son tan graves, quizáis, pero o número de afectados é moito maior. En consecuencia, tabaco e alcohol non producen alarma social pero orixina un verdadeiro problema a nivel de saúde e nas sociedades nas que viven esas persoas.

Teñamos pois claro este aspecto á hora de xogar ou da-los primeiros pasos cara ó consumo destas drogas moi mal chamadas, en ocasións, "brandas". Este é un xogo no que a derrota está asegurada porque sempre acabamos perdendo nós mesmos.

De todos xeitos hai que dicir que non se pode considerar drogadicta unha persoa que, polas circunstancias que fosen, probou nalgunha ocasión algún tipo de droga.

## 2. ¿QUE SON AS DROGAS?

Poderíamos buscar, e atopar, moitas definicións. Para nós unha das máis claras é a que define as drogas como aquelas substancias químicas introducidas no organismo con fins non terapéuticos e que, actuando sobre o (SNC) Sistema Nervioso Central orixinan unha necesidade compulsiva do seu uso, co que pretendemos diferenciarlas claramente daquelas outras que ven actuar sobre calquera órgano ou sistema do corpo humano e que están encamiñadas ó tratamento de calquera tío de enfermidade.

## 3. EVOLUCIÓN HISTÓRICA NO CONSUMO DE DROGAS.

Dende unha perspectiva histórica o consumo de drogas nas distintas culturas pasou por diversas vicisitudes, si ben en liñas xerais podemos afirmar que o seu consumo foi moderado. Durante siglos veuse mantendo un equilibrio entre a oferta e a demanda que se rompeu a mediados do século pasado coa aparición dun gran número de substancias psicoactivas de orixe sintética e a aparición de novas formas de consumo, como a posibilidade da administración intravenosa e dos profundos cambios socioeconómicos.

## 4. CLASES DE DROGAS.

### a) Atendendo á súa orixe.

**DROGAS NATURAIS:** Substancias que derivan de calquera dos tres reinos da natureza, neste caso serían drogas que procederían exclusivamente do reino vexetal, exemplo: o opio, cannabis, follas de coca, etc...

**DROGAS SINTÉTICAS:** Substancias obtidas mediante síntesis total por procedementos químicos. Dende o punto de vista químico non teñen ningunha relación coas substancias naturais. Como exemplo destas drogas sintéticas temos o LSD, anfetaminas...

**DROGAS SEMISINTÉTICAS:** Aquelas sustancias obtidas mediante síntese parcial, é dicir, por modificacións químicas das drogas naturais, exemplo a heroína.

**b) Dende o punto de vista social e cultural.**

**DROGAS INSTITUCIONALIZADAS OU LEGAIS:** Son aquelas sustancias que o seu consumo non está castigado pola lei e que, ademais, están asimiladas culturalmente. Estas drogas, alcohol e tabaco moi especialmente, non son considerdas como tales drogas, aínda que é notorio o dano persoal e social que o seu consumo orixina.

**DROGAS NON INSTITUCIONALIZADAS OU ILEGAIS:** Son aquelas que o seu consumo está castigado pola lei. Non gozan do respaldo institucional, non pertencen por tradición á nosa cultura, si ben son "Asimiladas culturalmente" por determinados grupos de carácter máis ou menos marxinal.

**DROGAS SOCIAIS OU LEGAIS:**

O tabaco procede da folla seca da Nicotina Tabacum, planta oriunda de América e cultivada actualmente en numerosos países. A industria do tabaco, xunto coa do alcohol, representa un enorme problema de saúde pública.

O problema do tabaquismo en España incrementase de maneira alarmante nos últimos vinte anos, afectando na actualidade ó 41% da poboación (Xeneral) de forma directa e ó resto da poboación de maneira indirecta como fumadores involuntarios ou pasivos.

O consumo habitual de tabaco está moi relacionado coa aparición de distintos tipos de cánceres, especialmente nos de pulmón. Tamén garda relación e complicaos, coas enfermidades de tipo arterial, é dicir, das arterias.

O alcohol representa no noso país o maior problema de drogas. É, sen lugar a dúbidas, a droga de maior tradición na cultura occidental entre tódalas que producen trastornos da conducta. En España a terceira causa da morte é o alcoholismo. Pódese afirmar con toda seguridade que o 68% da poboación dos países industrializados bebe en exceso.

Os múltiples problemas de índole social derivados do uso e abuso de bebidas alcohólicas que se traduce en accidentes de tráfico, de traballo, domésticos, etc, están demandando urxentemente accións de todo tipo dirixidas a frenar este proceso que se perfila como unha das máis grandes ameazas para a nosa sociedade.

O alcohol na súa acción sobre o sistema nervioso é responsable dunha serie de alteracións no comportamento que dependen non só da cantidade tomada senón da continuidade no uso.

Os efectos do consumo habitual e prolongado maniféstase en irritabilidade que progresivamente vai tendendo a unha maior agresividade.

Efectos que produce o alcohol: unha persoa baixo os efectos dun consumo considerable de alcohol experimenta unha notable perda de control, vólvese agresiva en moitos casos e sofre trastornos da fala. Nun grao superior aparece unha fase de condolencia que pode chegar a un estado de coma.

O café ten unha semilla contén que contén unha mezcla de compoñentes químicos.

O composto máis importante é a cafeína. Os principais efectos fisiolóxicos do café débense á cafeína que é unha sustancia extraída da pranta do café, un efecto estimulante do Sistema Nervioso Central. Crea adicción e produce insomnio.

**CONSIDERACIÓNS EN RELACIÓNS Ó CONSUMO DO TABACO POLOS MOZOS.**

- Entre os 11 e os 15 anos, 1 de cada 4 mozos europeos iniciáronse no hábito de fumar, o 5% dos mesmos xa son fumadores empedernidos.
- A escasa capacidade pulmonar dos nenos fumadores pasivos non sólo os que as lesións pulmonares duraranlles toda a vida.
- Demostrouse que os principais factores que inciden na preparación, iniciación, habituación e posterior adicción ó tabaco son: O consumo de tabaco dos pais, as opinións paternas sobre o tema, que os profesores fumen nas aulas, as amizades e a publicidade. (OMS) Organización Mundial de Saúde.

## DROGAS ILEGAIS:

O seu consumo está prohibido. Isto non implica que non se consuman. Algunhas persoas, por causas diversas, son adictas a este tipo de sustancias. Isto crea unha importante alarma social porque manter esta adicción resulta moi costoso o que supón que a delincuencia, a inseguridade cidadá, a prostitución incluso, teñan moita relación co consumo deste tipo de drogas. Como exemplos das mesmas poderíamos citar: a heroína, a cocaína, as drogas de deseño ou pastillas, o hachís ou "porro", etc.

## 5. EFECTOS QUE PRODUCEN.

**Drogodependencia:** é o fenómeno polo que unha persoa/s que se desenvolve nun determinado ambiente, utiliza nel drogas de forma habitual, quedando suxeto física psiquicamente ó consumo das mesmas.

**Dependencia psíquica:** situación na que existe un sentimento de satisfacción e un impulso síquico que seixe a administración regular ou continua da droga para placer ou evitar molertar.

**Dependencia física:** estado de adaptación que se manifesta pola aparición de intensos trastornos físicos cando se interrompe a administración da droga. Eses trastornos están constituídos por series específicas de síntomas e signos de carácter psíquico e físico que se alivian pola administración da mesma droga ou da outra de análoga acción farmacolóxica.

**Tolerancia:** estado de adaptación caracterizado pola diminución das respostas á mesma cantidade de droga ou pola necesidade dunha dosis maior para provocar o mesmo grao de efecto farmacolóxico.

**Síndrome de abstinencia:** conxunto de signos e síntomas, específicos para cada tipo de droga, que aparecen trala diminución de dita droga.

Estes son conceptos xerais. Se nos paramos a analiza-los efectos que producen algunhas das drogas máis coñecidas destacaríamos:

**Cocaína, anfetaminas e outros estimulantes:** son capaces de producir excitación eufórica e experiencias alucinatorias. Debido á sensación de sobreestimar as súas capacidades.

**O cannabis ou porro:** os síntomas están en función da dosificación, a personalidade e as expectativas do consumidor, así como da situación ambiental.

**Os opiáceos,** principalmente a heroína: sustancias depresoras do Sistema Nervioso Central. poseen unha acción euforizante en quen as toma.

**Os alucinóxenos:** (L.S.D., etc.): estas sustancias producen enaxenación mental e grave deterioro da capacidade de xuízo.

Os que producen o alcohol, tabaco e o café xa os comentamos anteriormente.

O problema faise maior cando se consumen distintos tipos de drogas ó mesmo tempo, como é o caso de moitas das persoas que consumen habitualmente drogas ilegais.

## 6. ALGUNHAS CARACTERÍSTICAS QUE SE OBSERVAN NOS CONSUMIDORES DE DROGAS ACTUAIS.

- Estase producindo un considerable aumento no consumo do alcohol, sobre todo ente os máis mozos.
- Existe unha mitificación en torno ás drogas que produce unha confusión en torno a elas.
- Está producindo unha paulatina diminución da idade de inicio ó consumo de drogas.
- Consumese indiscriminadamente, e de forma simultánea, todo tipo de sustancias.
- Gran parte do consumo de drogas, entre os mozos, prodúcese durante o ocio e tempo libre que teñen.
- Xa están aparecendo importantes problemas de saúde para os consumidores mozos.

**7. FACTORES RELACIONADOS CO CONSUMO DE DROGAS:** Poden ser moitos. Nós clasificariámolos en catro grupos:

- 1) **PERSOAIS:** depresión, morte dun familiar, discusión familiares, problemas sentimentais, influencia do grupo, problemas comunicativos, de saúde, timidez, curiosidade, rebeldía, atracción polo descoñecido, etc.
- 2) **FAMILIARES:** malas relacións cos pais, que algúns familiares fagan de modelo negativo, e separacións matrimoniais. . .
- 3) **SOCIAIS:** paro, publicidade, modas sociais, para acadar mellores resultados deportivos, etc.
- 4) **EDUCATIVOS:** influencia dos profesores, relación entre compañeiros do colexio, etc.

#### **8. CONSECUENCIAS DO CONSUMO HABITUAL DE DROGAS:**

- A **NIVEL PERSOAL:** deterioro da saúde: física e psíquica, etc.
- A **NIVEL FAMILIAR:** malas relacións familiares, deterioro da economía, etc.
- A **NIVEL SOCIAL:** delincuencia, etc.
- A **NIVEL EDUCATIVO:** malas relacións entre compañeiros, cos profesores, diminución do rendimento escolar, etc.

#### **9. POSIBLES MEDIDAS PREVENTIVAS:**

A nivel **personal** buscar actividades de ocio, saudables e satisfactorias: música, pintura, lectura, deporte, cultivar amizade, relacións sanas. . .

##### **A nivel familiar:**

- Falar do tema con naturalidade
- Tratar de comprender a problemática dos mozos, dialogar e chegar a acordos, non impoñer normas.
- Favorecer a confianza en si mesmos, a autestima, dos fillos e das fillas axudándolles a aceptar as súas limitacións.
- Non servir de modelos negativos.
- Non achegarlles mensaxes contradictorias.

##### **A nivel Social:**

- Proporcionarlle a xuventude espazos para a práctica de actividades saudables.
- Non poñer en práctica en dobre xogo: dicirlles ós rapaces unha cousa e logo, á hora de actuar, facer outra.


##### **A nivel Educativo:**

- Analizar e discutir toda a problemática sen alarmismo e sí con realismo.
- Crear conciencia crítica nos alumnos e alumnas.
- Formentar a autoestima e traballala.
- Formentar o respecto a todas as minorías e procurar evitar a marxinalidade.
- etc.

Pero temos que ter ben claro que ás veces pídeselles demasiado ás institucións educativas. Pouco poderá facer a escola de cara á prevención se os estímulos que reciben as nenas e os nenos nas súas familias, e no medio social no que medran, non son coherentes coas mensaxes que lles transmiten os profesionais da educación. Navegar contra corrente é moi difícil, e loitar contra a influencia dos modelos sociais é, da mesma maneira, igual de dificultoso. Poñamos un exemplo: cada vez que os mozos e as mozas ven unha película na que os actores e as actrices fan alquera cousa, máis ou menos importante, case seguro, levan un cigarro nunha man e un vaso de calquera bebida alcohólica noutra. Esta influencia pesa moito máis ca do sistema educativo, queiramos ou non. De todos xeitos a obrigación dese sistema educativo é intentalo e procurar contrarrestar esta influencia tan negativa.

Escrito por: **JÉSSICA QUIROGA LÓPEZ**  
**SANDRA CASTRO VILABOA**

1º DE E.S.O.



Para falarnos do galego, do Día das Letras Galegas, de Roberto Blanco Torres, da poesía, e de moito máis, estivo este ano no Colexio un importante personaxe. Aproveitando a ocasión, e abusando da súa amabilidade, uns alumnos de 3º de E.S.O. fixémoslle a seguinte entrevista:

.Nome:

-XAVIER RÓDRIGUEZ BARRIO.

.Lugar e data de nacemento:

-LUGO, 22 DE NOVIEMBRE DE 1.954.

.Profesión:

-TRADUCTOR TÉCNICO EN NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

.Vocación:

-A MESMA QUE A PROFESIÓN, MÁIS A DE ESCRITOR EN LINGUA GALEGA DENDE HAI 26 ANOS.

.¿É fácil compaxinar ámbalas dúas?

-TEÑEN MOITO QUE VER UNHA COA OUTRA, TRABALLAR CO IDIOMA E ESCRIBIR ESTÁ MOI RELACIONADO.

.¿Que tipo de literatura lle gusta máis escribir?

-SEN DÚBIDA: A POESÍA. AÍNDA QUE TEÑO PUBLICADO NARRATIVA E ENSAIOS SOBRE TEMAS QUE ME INTERESAN ESPECIALMENTE. PUBLIQUEI, ENTRE MOITOS OUTROS, UN ESTUDIO SOBRE "XOHÁN VICENTE VIQUEIRA", UN SOBRE A PINTURA DE REIMUNDO PATIÑO, E HAI UNS MESES VIU A LUZ UN LIBRO SOBRE A POESÍA TROBADORESCA GALEGA.

.¿Á que anos empezou a facelo?

-ÓS 13/14 ANOS.

.Díganos cando foi e cal é o título do seu primeiro libro publicado.

-PUBLIQUEI O MEU PRIMEIRO LIBRO, "PRANTO IRMÁN", CON 17 ANOS. AÍNDA QUE XA SAÍRA ANTES "MOSTRAS", UN LIBRO COLECTIVO.

.¿Custoulle moito poder publicalo?

-A VERDADE É QUE NON, POIS CON ESTE LIBRO MEU INAUGUROUSE A COLECCIÓN DE POESÍA "RUANOVA", QUE DIRIXÍA UN BO AMIGO, O XORNALISTA E ESCRITOR FRANCISCO CAMPOS, HOXE DIRECTOR XERAL DA COMPAÑÍA RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA.

.¿Pódese vivir exclusivamente de escribir?

-EVIDENTEMENTE, NON. ISTO REFERIDO Ó ASPECTO ECONÓMICO. PERO HAI OUTRO TIPO DE VIDA, DE VIVIR, QUE É O QUE ENCHE PLENAMENTE. O OFICIO DE ESCRITOR É ESE GRAN REGALO CO QUE COMPENSA A PALABRA.

.¿Por que escribe vostede, entón?

-FÁGOO, COMO DIXEN, DENDE HAI XA 26 ÓU 27 ANOS E SÓ EN GALEGO. AMO O NOSO IDIOMA E FASCÍNAME A LITERATURA, O ENSAIO, A INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA. A PALABRA É O TODO.

.¿Ten escrito algún libro en castelán?

-OS 13 LIBROS DE POEMAS QUE TEÑO PUBLICADOS, ASÍ COMO OS DE NARRATIVA, CONTOS E ENSAIOS, ESTÁN (E ESTARÁN OS VINDEIROS) ESCRITOS EN GALEGO. O QUE SI SE TEÑEN PUBLICADO SON TRADUCCIONS Ó CASTELÁN, Ó CATALÁN, Ó FRANCÉS, Ó EUSQUERA E MESMO Ó INGLÉS DE MOITOS DOS MEUS POEMAS.

.¿Que opinión lle merece a situación do galego, tanto nos colexios como na sociedade en xeral?

-TANTO NO ÁMBITO DO ENSINO, COMO NA SOCIEDADE EN XERAL, E ISTO

INCLÚE O ÁMBITO ADMINISTRATIVO QUE É O QUE MELLOR COÑEZO PORQUE É NO QUE TRABALLO, TENSE AVANZADO CERTAMENTE NO USO E IMPLANTACIÓN DO GALEGO COMO IDIOMA DE NATURAL COMUNICACIÓN. PENSO POLO TANTO QUE ESTAMOS NO BO CAMIÑO.

- .Díganos o título e a data de publicación do seu último libro.
- O MEU ÚLTIMO LIBRO DE POEMAS PUBLICADO É O TITULADO "ANTIGA CLARIDADE", LIBRO DO QUE ESTOU MOI SATISFEITO POLA ACOLLIDA QUE TIVO E AÍND A TEN. Á PARTE DE SER UN INSÓLITO ÉXITO EDITORIAL (ESTÁ PUBLICADO EN ED. GALAXIA DE VIGO), FOI PREMIO "MARTÍN CODAX", FOI FINALISTA EN MADRID DO "PREMIO NACIONAL DE LITERATURA" E OBTIVO O "PREMIO NACIONAL DE LA CRÍTICA ESPAÑOLA", EN 1.993. A NIVEL DE ENSAIO O MEU ÚLTIMO LIBRO -PUBLICADO HAI UNS MESES- É O TITULADO "TROBAR", QUE É UN ESTUDIO SOBRE A POESÍA DOS XOGRARES GALEGOS, FOI EDITADO EN EDICIÓN DE LUXO E NUMERADA, FEITA POLO MESTRE-ENCADERNADOR FONSO CASTRO.
- .¿Que está escribindo agora?
- ANDO EN VARIOS PROXECTOS LITERARIOS, O MÁIS ADIANTADO É UN NOVO LIBRO DE POEMAS QUE PUBLICAREI EN BREVE.
- .Coméntenos, se quere, algunha cousa que lle pareza importante e sobre a cal nós non lle preguntáramos.
- FORMULAR UN DESEXO: "QUE CADA VEZ SEXAN MÁIS OS NENOS GALEGOS QUE FALEN EN GALEGO"
- .Moitas gracias pola súa produción literaria e por concedernos esta entrevista.


Entrevista feita por:

- DAVID VÁZQUEZ BLANCO
- CARLOS REI SANMARTINO
- MARCOS ZOLLE CASTRO
- MARIO LÓPEZ VÁZQUEZ

-3º DE E.S.O.-

OS NOSOS ESCRITORES E ESCRITORAS  
TAMÉN QUIXERON PARTICIPAR NA HO-  
MENAXE ÁS "NOSAS LETRAS", Á NOSA  
LINGUA.

NÁS SEGUINTES  
"PÁXINAS LI-  
TERARIAS" PO-  
DEREDES COM-  
PROBAR O BÉN  
QUE O FAN.



PÁXINAS LITERARIAS

## LETRAS GALEGAS 1998

Existiu na Idade Media,  
na Idade Media existiu  
unha profesión fermosa  
coma nunca outra se viu;  
bonitiña, duradeira,  
fermosiña e mais meiga.

Trobadores compoñían  
con moi bonitas letras  
cantigas e cantiguiñas  
que domesticaban ás feras,  
que alegraban ás xentiñas;  
e de boca en boca se quedan.

E a eses trobadores  
adícaselles este ano  
o día das Letras Galegas  
que é o 17 de Maio.

Este día débese...  
¿A que se debe este día?  
«E á poesía  
de Rosalía  
que hai moitos anos  
ela facía;  
e a publicación do libro  
"Cantares Gallegos"  
que foi o comezo  
do Rexurdimento .

CRISTINA R. ANDRADE - 6º E.P.  
(Segundo Premio Certame Rexional 1.999)

### O TESOURO DA MONTAÑA

A Mónica dixéranlle na casa que na montaña Reineta, que estaba moi preto da súa casa, esconderan os seus tesouros os Es píritus da montaña. Mónica non cría moito nesas cousas, pero según o dito "A curiosidade matou ó gato" dispúxose a partir cara á montaña. Camiñou durante horas, cruzou regatos (A pesares de estar preto da súa casa, subila non era moi fácil). Por fin chegou. ¡¡¡Era preciosa!!! A montaña no seu cume non tiña forma de pico, era plana; tiña millóns de flores, bolboretas revoando nelas, abellas zugando o zume das flores, paxariños cantando ledos, árbores frutais e toda clase de animais: dende un sinxelo saltamontes ata un enorme elefante; ademais dunhas fermosas covas decoradas cunhas pinturas feitas de prantas. Alá arriba respirábase aire puro, non había contaminación... Pero, ¿O tesouro?, ¿onde estaría o tesouro?. Aquil paraíso non abundaba para ela, ela quería atopar o tesouro.

De súpeto, aparecéuselle unha muller vestida de branco cunha variña máxica na man e faloulle:  
-Ola meniña ¿Que te trae por aquí?



-Pero vos..., vos... ¿vostede quen é? -Preguntoulle Mónica-.  
 -Eu son a fada desta montaña, mais, non contestache-la pregunta.  
 -Eu veño buscando un tesouro, seica o hai aquí.  
 -Claro que o hai, ¿é que non o ves?  
 -Pois...? non.  
 -O que hai ó teu redor, este paraíso, ¿acaso non é o mellor tesouro?. As xentes da cidade viven codiciando e envexando o dos demais, aquí todo é puro e non hai maldade.; ISTO SI É UN VERDADEIRO TESOURO!.  
 Ó fin Mónica comprendeu que a natureza é o mellor dos tesouros.

-CRISTINA RODRÍGUEZ ANDRADE, 6º de E.P.-

## LIBRO DE OURO

Fai moito tempo, o día 23 de abril, día do libro, regaláronlle un libro a Lorena.

Ó día seguinte deuse conta de que o libro que tiña era de "OURO". Seus pais ó compralo non se deran conta.

Ninguén sabía que era de ouro, só ela, aquilo valía moito diñeiro. Díxollo a seus pais e queríanlo vender para un museo, pero Lorena dixo:

-Quero acaba-lo de ler.

-Vale.-Dixeron os pais.-

-E ¿O diñeiro que nos dean para quen vai ser?-preguntou Lorena-

-Para todos nós-dixo seu pai-

-!Claro, vos traballades e danvos diñeiro, cousa que amín non!-Dixo Lorena-

-Filla, ti tamén vas ó colexo que é o teu traballo e nos pagámosche co regalo de fin de curso, se aprobas-dixosúa nai.-

-Eu cando sexa maior tamén necesitarei diñeiro.-Dixo Lorena-

-Claro, pero traballarás-díxolle pai.-

-Si. ¿E se non encontro traballo?-Dixo Lorena.-

-Encontrara-lo. Dixo seu pai-

-Non, Lorena ten razón. O libro é dela e o diñeiro será para ela.- Dixo seu pai.-

-Está ben, pero, ¿Darasnos algo a nós?-Pregunta súa nai.-Claro darei algo. Agora hai que ir a un museo.-Dixo Lorena.

Ó día seguinte foron o museo do Prado. Alí comprarolle-lo. Pagaronlles unha fortuna, con ela arranxaron a casa e compraronlle mitas cousas a Lorena que ela desexaba. Fixeron unha casa no monte para os fines de semana ir a ela e respirar aire puro.

F I N

Autoras:

EVA DIAZ LÓPEZ

1º A (E.S.O.)

ANA RODRIGUEZ GANDOVY

### Unha excursión inolvidable.

Era unha noite de Xuño, Xosé, Fernando e Maite preparábanse para face-la excursión de fin de curso. Ian' ir con toda a clase a facíaalles moita ilusión, pois por uns días libraríanse de seus pais e Maite da súa pesada irmá pequena.

-Mañá iremos a correr grandes aventuras nas cavernas que fai máis dun millón de anos non habitan.

O día de irse chegou e embarcaron nun autobús a aventuras que nin eles mesmos imaxinarían.

O chegar ó seu destino fixeron as súas tendas de campaña nas que durmirían durante sete días moi intensos para os nosos amigos, pois tiveron a mala sorte de que nesa excursión deixaron ir a Xurxo, o rapaz máis forte e por iso temido. Pero os nosos amigos temíanlle porque a él non lle gustaba a forma de ser delas e por iso nonos deixaba nin respirar.

Aquela noite foi Xurxo, cunha lanterna, á cova a preparar unha sorpresa - para Xosé, Fernando e Maite.

O día seguinte Xurxo levou a Xosé, Fernando e Maite ata a cova decíndolles que se saían vivos e sen alterarse deixaríalos de molestar.

Eles entraron na cova pois sentíanse demasiado débiles como para desafiar a Xurxo.

Atopáronse coa sorpresa que Xurxo lles preparara : unha morea de tarántulas. Ese non foi problema pois botaron terra e pasaron por riba. O problema foi cando se atoparon co corpo, conxelado, dunha rapaza das cavernas. - Saíron correndo pero Fernando parounos pois senon ríriase Xurxo así - que ó día seguinte voltarían a desconxela-lo corpo.

Saíron sen asustarse, máis Xurxo nin así os deixou en paz.

O día seguinte foron con cerillas e leña á cova e fixeron lume que desconxelou a rapaza. Viron con gran sorpresa ca rapaza estaba viva e mirábaos cunha cara moi rara. Xosé e Fernando saíron correndo mentres que Maite lle preguntou á rapaza se sabía falar. Ela dixo "SI" e preguntoulle a Maite por que levaba esa roupa e Maite explicoulle todo o que ocorrera nos últimos mil anos, de camiño ó campamento.


Entraron na tenda de Maite ás agachadas e Maite díxolle á rapaza que ela a ía facer cambiar. Deulle un dos seus vestidos.

Bañáronse nas duchas e púxolle un nome a aquela nova amiga, o nome de Carlota, que ás dúas lles gustaba moito. Todo aquilo era moi divertido. - Presentoulles a Xoán e a Fernando a Carlota con tan mala sorte que Xurxo os observaba e non lles gustaba velos tan contentos, así que foi a meterse con elas. Pero ese día Xurxo non foi o máis forte senon Carlota co deixou en ridículo e dende entón non se meteu con naide máis.

Neses seis días Carlota aprendeu a escribir, comer, rogar, pescar...


O sétimo día Maite pediulle a Carlota que fora con ela á cidade, pero - Carlota non quixo e quedouse alí de guía para os excursionistas.

Tódalas vacacións Maite ía a ver a unha boa amiga, Carlota.



M<sup>a</sup> del Carmen Fdez Castro.

Curso: 1<sup>o</sup> ESO - A-.



## O ACCIDENTE

Nun pobo de Galicia vivía unha familia formada por un pai, unha nai, un fillo e os seus avós. Un día en que os pais do neno saíron, tiveron un accidente no que quedaron feridos e o pai tivo que andar en cadeira de rodas. Foi a moitos médicos pero ningún o sanaba e así andou moito tempo axudado polos demais e así soubo os traballos que se pasan e as complicacións que se atopan na rúa e non poder valerse por si mesmo.

O neno era pequeno e a nai soa non podía atender a todos porque o pai como estaba nunha cadeira de rodas non podía traballar e era ela a que tiña que gañar os cartos.

Os avós axudábanlle, e coidaban do neno, sacábano de paseo, levábano ó parque, gustáballes moito cantarlle cancións da súa época, dicíanlle moitos refráns e moitas coplas.

Ás veces ían a competencia o avó e máis a avoa a ver quen dicía máis.

O neno encariñouse moito cos seus avós, tanto que non quería separarse deles nin para durmir. As veces cando a nai o deitaba, ó que ela marchaba levantábase e ía para xunto dos seus avós, pola mañá cando ía a nai buscalo non estaba na súa cama e nai berráballe porque así non deixaba descansar ben os avós pero a eles víñalles a risa e gustáballes que o neno fose para xunto deles, entón a nai tamén se ría.

Pasou o tempo e pai foi mellorando pouco a pouco, e cando se puxo ben deuse de conta que coma el había moita xente que pasaba moitos traballos para poder valerse por si mesmo. Fixo canto estivo nas súas mans para poder remediar tódolos obstáculos que había na rúa, como por exemplo onde había escaleiras mirou de poñer tamén rampas, todo máis llano para poder andar por tódolos sitios ...

Todo se arranxou na familia. Os avós fixéronse máis velliños e o neno medrou, foi á escola e quitou sempre moi boas notas porque era aplicado e sempre obedecía ós seus pais e prestáballes tamén moita atención ós consellos que lle daban seus avós, seguiu estudando ata que conseguiu unha carreira e logo empezou a traballar pois tamén era moi traballador, cando os estudos lle deixaban un pouco tempo libre axudáballes no que podía a seu pais e ás veces xogáballes unha partida ás cartas a seus avós. Como seus avós xa eran velliños non podían saír sós a pasear pero el acompañábaos e levábaos no seu coche a coñecer algúns sitios para que non se aburriran, agora tócame a min coidarvos e pasear con vós, dicíalle o "rapaz", que agora xa era mozo pero eles sempre lle chamaron "o rapaz".

Un día o rapaz encontrou unha mociña que lle gustou moito e a ela tamén lle gustou el, seguiron xuntos ata que se casaron e todos foron moi felices vivindo todos unidos.

David García García

Primeiro Curso do Terceiro Ciclo de Primaria

C.P.I. DE GUNTÍN

## “ A RESPOSTA DOS ANIMAIS “

Esta historia aconteceu nun pobo moi lonxe aquí. Ese pobo tiña un bosque sen contaminación nin lixo.

Un día unhas persoas dunha axencia de viaxes foron por alí e descubriron o pobo, un mundo agradable e sen contaminación. E o día seguinte, chegaron os problemas, empezaron a chegar moreas e moreas de turistas, que ían ó bosque con latas, plásticos ...

Cando se foron do bosque xa non era o de antes; os turista ensuciárono todo, iso máis ben parecía un vertedoiro. O alcalde do pobo foi a axencia de viaxes para que deixasen de mandar turistas alí. Ensinoulle-la foto de cómo estaba o bosque antes de que a axencia mandase ós turistas alí, e despois a foto máis recente do bosque. O director da axencia quedou asombrado de cómo os turistas o deixaran, e dixo que cancelaríaa tódalas viaxes nas que o destino fose ese. Pero o alcalde seguiu alí porque a xente do pobo non estaba disposta a limpar iso, os da axencia dixéronlle que se amañaran como poideran, porque eles non ensuciaran o bosque, iso fixérano os turistas que viñeran de lonxe; o alcalde voltou moi triste ó pobo e díxolle a súas xentes que el non poidera facer nada, que os da axencia negáranse a limpar . Tiñano que limpar os turista que ocuparon os hoteis e foron ó bosque a ensucialo.

No bosque tamén había animais, que falaban coma as persoas, pero como elas non poideran facer nada para remedia-lo asunto, os animais xuntáronse nunha reunión para falar do tema. Alí xuntáronse dende o raposo á galiña e dende o lobo ó cervo, por representación dos animais domésticos e das granxas viñeron un can, unha vaca, unha galiña, un gato e un cabalo. E despois tódolos animais do bosque. Entre todos tiñan que solucionar iso; falaron moito tempo, aproximadamente dúas horas, xa que tiñan que escoitar as propostas de tódolos animais que acudiron a reunión.

E despois de moito falar, o lobo foi ondo alcalde para propoñerlle poñer papeleiras no bosque e máis carteis que indiquen a xente que faga uso delas, e tamén que traten as plantas e as árbores con coidado, xa que tamén son seres vivos.

Dende aquela, o bosque volveu a ser o de antes; viñan turistas, pero non ensuciaban nada, e as arbores e as plantas medraban sen que ninguén as molestase.

Os animais déronlle outra oportunidade as persoas que ensuciaron o bosque. Pódese dicir, que os animais foron máis comprensivos do que solemos ser ás veces as persoas.

Alejandro Rodríguez Estévez

Primeiro Curso do Terceiro Ciclo de Primaria

C.P.I. de Guntín

## VIAXE A TRAVES DO TEMPO

Un 26 de Xullo, catro rapaces e un home, construíron unha nave espacial e aventuráronse a un planeta moi lonxano ó noso. Ó cabo duns días chegaron a éste planeta descoñecido, chamado Sporge, no que había extraterrestres. De ali saíron a explorar e a ver se esixía vida naquel estrano planeta. Este era de cor vermella e o chan parecía unha esponxa.

Non había árbores, niñ xente, en fin nada, todo estaba deserto; soamente había pedras que se desfacían ó pisar o chan, e ademais tampouco había gravidade. Ese mesmo día atoparon unha especie de extraterrestres moi raros. Eran de cor verde claro, altos e tiñan antenas, orellas pequenas e unhas patas curtas coma as dos sapos. Intentamos pasar desapercibidos pero colléronnos prisioneiros. Os extraterrestres falaban pero ninguén de nós os entendían. Pero veu un extraterrestre que coñecía a nosa lingua; pois estes extraterrestres eran moi sabios e traducíronnos o que dicían.

Leváronnos para unha sala onde nos querían converter nun deles e cando se despistaron un pouco, intentamos escapar pero foi imposible e volvéronnos a coller. Comenzaron poñéndonos uns cascacos na cabeza e atándonos as mans e as pernas e deitáronnos nunhas camas. O mesmo amigo Marcos convertérono nun deles, mentres nós apriveitamos para escapar e avisar ó noso amigo Xosé que quedara na nave segúndono-la pista. O camiño ata a nave foi unha persecución moi longa porque intentaron dispararnos con raios láser para volver levarnos a aquela sala.

Pero ó final chegamos á nave para volver á terra o máis rápido posible. Cando chegamos á terra, Marcos volveuse a converter nun ser humano e todos nos alegramos. Máis candolle-lo contamos ós nosos amigos dicían que estabamos soñando.

Cando espertei pola mañá dinme conta de que todo era un soño e que os meus amigos tiñan razón.

JOSE LUIS NUÑEZ VARELA

5º NIVEL DE E.P.  
C.P.I DE GUNTIN

## OS PEQUENOS PAPORRUBIOS

Hai un ou tempo , os meus avós recolleron flores, entre elas unhas hortensias para facer un adorno de flores secas. Fixeron unha mañuza e colgarona dun fío no medio do seu xardín, preto dun limoeiro.

Pasado un tempo unha parella de paporrubios construíron alí un niño.

A cada momento ían e viñan con herbiñas e ramiñas secas, follas e fíos de lá, que tecían e tecían unha e outra vez ata que o remataron.

O niño quedaba moi escondido no medio das flores.

Pasou un tempo ata que a femia puxo os ovos, e un día escoitamos o piar dos paxariños que facían moito ruído. Quedeime caladiño para que non se decatasen de que os vixiaba. Os paxaros, pai e nai, non paraban de carrexar grans, vermes, saltóns e outros alimentos que os pequenos paxaros tragaban a toda presa, e así unha e así turnábanse o pai e a nai.

Un día que me acheguei un pouco máis, vin como traían unha bocanada de auga, que botaban pouco a pouco dentro da boca dos paporrubios.

Así foi pasando o verán e os paporrubios aprenderon a voar cada vez un pouquiño máis lonxe e tamén aprenderon a busca-lo seu alimento e a súa auga.

Un día decatámonos de que o niño estaba baleiro e quedei moi triste porque non tiñamos os paxariños no xardín.

A mín gustárame metelos nunha gaiola e alimentalos.

Chegou o inverno e voltaron outros paxariños que viñan come-las miguiñas de pan que caían do mantel cada vez que se espelía fora.

Pero un día de moito vento sentín petar na ventá, levanteime e quedei abraiado: un pequeno paporrubio tremendo de frío apareceu na ventá. Non sei se sería o paporrubio que naceu no xardín de miña avoa. Lembreime moito daqueles paxaros e cada primavera quedome mirando a ver se algún paxaro, fillo de aqueles, volve ó xardín.

Esta primavera, vín outros paxariños no medio dun arbusto facendo o seu niño.

OSCAR PEREZ ARES

5º NIVEL DE E.P.  
C.P.I. DE GUNTIN

## XOSÉ, MANUEL E LUISA

Nun pequeno pobo chamado Guntín, vivía un neno chamado Xosé. Xosé era un neno normal, como tódolos da súa idade, pero tiña un pequeno defecto, era un neno cego. Os seus pais Xoán e María queríanlo moitísimo a pesar de ser cego.

Os seus únicos amigos, eran os seus irmáns, Manuel e Luisa, que tiñan un problema parecido, Manuel era sordo e Luisa muda. Eles eran moi felices, como calquera outro grupo de amigos. Tódolos nenos do colexio e do pobo burlábanse deles e insultábanos.

Pero eles foron os nenos máis traballadores do colexio, aprobaban os exames, estudiaban, traballaban e sacaban boas notas.

Un día conoceron a Luís, que veu novo o colexio, e pasáballe o mesmo que a Xosé, era cego.

Ninguén quería xogar con él excepto Xosé, Manuel e Luisa.

Fixéronse moi bos amigos ata que Luisa tivo que ir a Lugo a pasar cinco anos coa súa tía.

Xosé, Manuel e Luís estaban moi tristes, pero entón volveu Luisa e todo foi como antes.

Un maravilloso día de primavera os tres irmáns e Luís ingresaron nun centro especializado para os nenos, que como eles tiñan un problema, é dicir que foran cegos, sordos ou mudos. Pasábano moi ben nese centro, xogaban con outros nenos a moitos xogos.

Ata que un día dixéronlles que se iban a Santiago de Compostela de vacacións, os nenos sentíronse moi felices. O primeiro os seus pais no nos deixaban pero ó fin deixáronos ir.

Cando xa estaban alí, en Santiago, visitaron o hotel onde se iban a aloxar, despois foron pola rúa mirando os coches e os árbores. Vixiábus Xosefa, a súa mestra no centro onde ingresaron.

Alí viron un monumento que lles gustou moitísimo.

Pasaron un mes en Santiago e despoí volveron a Lugo, á casa no que estaban.

Pasaron catro anos e os nenos voltaron a súa casa onde os seus pais.

Todos xuntos fóronse a vivir a Barcelona, incluso Luís e os seus pais.

Pasaron moitos anos e Luisa empezou a dicir hola, entón levárona o médico e díxolles que Luisa ía a falar. Despois Xosé empezou a ver seguido de Luís e por último Manuel empezou a oír. A Luís naceulle unha irmá.

No colexio, agora, todos eran seus amigos, a profesora estaba moi contenta porque, tódo los compañeiros de Xosé, Manuel, Luisa e Luís estudiaban e sacaban tamén boas notas, dende que eses nenos empezaron a facer-la súa vida.

Foeron moi felices a partir de ese momento.

LUCIA RODRIGUEZ TEIJEIRO

C.P.I. de GUNTIN 5ª E.P.

### "UN NENO CEGO"

Érase unha vez un neno que se chamaba Adrián e tiña nove anos. Vivía nunha aldea que se chamaba Guntin. Este neno cando era pequeno perdera a vista nun accidente. Tiña un amigo que se chama Xosé e sempre andaban xuntos.

Cando Adrián quedou cego Xosé nunca se separou del. Axudábanse sempre porque Adrián era moi intelixente. Os outros compañeiros as veces ríanse deles pero non lles importaba porque se tiñan un o outro. Un día Xosé, Adrián e os seus compañeiros foron dar un paseo polo campo. Tiñan que cruzar un río, entón Xosé para que os outros non viran como cruzaba o río Adrián díxolles, ide andando vosoutros diante, nos imos agora.



Ese foi o primeiro obstáculo que se lle presentou.

Dende aquela os outros compañeiros comprenderon que ser cego non era motivo para deixar de ser amigo se non todo o contrario.

Adrián, nunca se sentiu solo e os outros compañeiros aprendían moitas cousas del.

Un día Adrián tivo que ir a un colexio de cegos para poder aprender cousas novas.

Acordábase moito dos seus amigos escribíanse cartas e contábanse as cousas que lles sucedían.

A Adrián gustáballe moito a música e conseguiu traballar nunha orquesta que tivo moito éxito.

Un día Adrián tiña que tocar nunha festa e cando estaban recollendo un compañeiro mancouse e levárono o hospital.

No hospital Adrián coñeceu a un médico moi bon e díxolle que tiña moitas posibilidades para recupera-la vista.

Fixéronlle unha operación que lle saliu ben, e hoxe Adrián pode ver perfectamente.

Beatriz Blanco Marqués

5º de E.X.B.

C.P.I. de Guntín

#### O NENO PERDIDO

Unha mañá de inverno os pais de Luis máis el saíron a comprar os regalos de Nadal:

Luis quedouse mirando para os regalos e perdeuse, estaba tan nervioso que saíu correndo e empezou a andar. Luis ía andando e caeu nun furado moi fondo dunha alcantarilla, empezou a berrar pero ninguén o oía polo ruído dos coches. Estivo alí metido toda a tarde chorando e tendo moito frío. Un neno cego e vagabundo que pasaba por alí oíuno e guiado polos berros de Luis chegou ata o furado. Luis pediulle axuda e o cego tendeu a súa vara. Sacou a Luis, coa axuda da xente que pasaba por alí. Logo, os dous, fóronse para a casa de Luis. Entón os pais puxéronse moi contentos ó velo. O neno cego, Oscar, estaba triste porque estaba sen pais. Entón os pais de Luis como agradecemento decidiron que Oscar se quedara con eles ata que encontrara outro fogar. Mentres tanto Oscar decidiu ir a organización da ONCE para poder vender a lotería. Dous meses máis tarde conseguiron atoparlle unha nova familia que o quixo adoptar.

Oscar non se quería ir de onda o seu amigo Luis. Entón Luis fíxolle a promesa de que sempre ían ser amigos e que o ía ir visitar sempre que poidese.

Oscar foise moi contento e seguiu na organización da ONCE.

AMANDA PÉREZ ·5ºE.P.

## NOITE DE FOGOS DE ARTIFICIO

Hai moitos anos, nunha vila pequena vivía Antón. Cando alguén chamaba á porta na súa casa, Antón escondíase ata que Carmela, a súa nai, abría á porta e comprobaba quen era. No colexio todos se rían del. EE decía que non tiña medo, que era por precaución. Un día uns amigos dixéronlle que tiña medo a todo e ata que demostrase o contrario non o cærían, Antón díxolles que lle lo demostraría cando estivese preparado, pero el nunca atopaba o momento e os seus amigos seguían a rirse del.

Un día de primavera o pobo emteiro realizaba unha festa para conmemoralo día do patrón, non era unha festa coma todas, polo día, os nenos realizaban xogos de todo tipo, carreiras de sacos, a pata coxa, fútbol, etc...; pola noite os maiores facían unha gran cea a que ían todos sen os nenos. Antón odiaba ese día. A súa nai íase co seu pai e deixábano cunha canguro, algo que lle poñía os pelos de punta só de pensar que se ía quedar na casa cunha descoñecida.

O día anterior á festa, Antón foi coa súa nai a comprar cousas para a cea e alí atopouse cun compañeiro e a súa nai. As dúas nais puxéronse a falar. A de Antón comentoulle á outra que non podería ir á gran cea porque non atopaba unha canguro para o seu fillo e non o podería deixar só. O amigo de Antón que estaba escoitando moi atentamente chamou a Antón para que fose veñelos xoguetes da segunda planta. Antón sen pensar o que lle ía a suceder aceptou moi gustosamente. Fóronse os dous tranquilamente a miralos estupendos xoguetes. Cando chegaron, Antón púxose a mirar un boneco novo que saíra había pouco pero o seu amigo freulle os pes e foi nese intre, cando lle contou todo, Antón que non comprendía nada do que lle estaba a suceder díxolle o amigo que se explicara mellor. Antón para demostrar que non tiña medo debería de quedarse só toda a noite sen que ninguén o acompañase. Caéuse lle o mundo enriba cando escoitou falar ó seu amigo, pero xa non había remedio. Debería de pasar a noite só aínda que iso lle costase a vida, ó día seguinte amaneceu tan mal como o humor de Antón, non era coma tódolos días de festa, onde o sol quentaba toda o día, as árbores estaban cheas de flores e os paxaros pé coteaban nelas como de fose o mellor alimento. Pero ese día todo era gris, o ceo, as árbores case sen flores polo vento que facía, os paxaros parecía que desapareceram todos co vento e coas flores. Antón dende a súa cama pensou en facerse o enfermo. Funcionoulle a idea ata que os seus amigos o foron a buscar para ir os xogos. El estaba disposto a sacrificar toda a diversión do día con tal de evitarlo medo da noite pero os seus amigos volverían a rirse del polo que tivo que ir os xogos cos seus amigos. O tempo pasaba voando e non se divertía porque a súa cabeza estaba chea de monstruos de tres cabezas, de sete mans ameazando. Chegou a noite, el vía como os seus pais se arreglaban para ir a cea sen darse conta do mal que el o estaba a pasar. A súa nai deulle un bico moi agarimoso para despedirse del, el viao como un bico de adeua para sempre. A porta cerrábase, e foi como se se abrise a porta da cidade dos monstruos. Antón pensou: "se me vou para a cama todo pasará deprisa e eu nin sequera me enterarei". Meteuse na cama e apagou as luces. Foi entón cando viu algo máis terrible aínda, tronaba. Pechou os ollos para non ver nada e descubriu que as árbores do seu xardín berraban por el. Cando abriu os ollos viu que un monstro cos ollos de lume o estaba a observar dende moi cerca, pensou: "tranquila Antón, toda pasará de contado. Abrirá a súa gran boca, engulírate e xa non sentirás máis nada". Apertou os ollos con forza e esperou, esperou e non pasou nada.

Entón escoitou e deude conta de que había fermosas mariposas tocando instrumentos musicais en lugar de árbores ameazando. Abriu os ollos e o monstro desaparecera, no seu lugar había fogos de artificial que explotaban con miles de luces diante da súa ventá. Dasouselle o medo e durmiuse co estupendo espectáculo dos fogos de artificial, cun concerto único e só para el.

JOSE CASTRO ESCRIBANO. 5º de E.P.

### A PARELLA QUE ADOPTOU UNHA NENA

Erased unha vez no meu pobo un matrimonio que levaban moitos anos casados, non tiñen fillos. A señora que se chamaba María sempre andaba xogando cos nenos dos veciños, e o señor facíalles xoguetes de madeira, porque era carpinteiro.

A súa ilusión era ter unha parella de nenos para deixarlles os seus bens, que non eran poucos. Ela ademais de ser costureira, tiña ovellas e cobras. Cos lá das ovellas facía prendas para quen as encargaba, e Xoán sempre estaba no seu tondal facendo mobres.

María tiña unha irmá en Bos Aires que se chamaba Manuela, con quen tiña moi boa relación, e case tódalas semanas lle mandaba unha carta.

Un día a súa irmá Manuela mandoulle un telegrama, contándolle que alí en Bos Aires falecera un matrimonio nun incendio, e que lles quedaba unha nena de dous anos e que non tiña ninguén que a cuidase.

María moi contenta coas novas que recibira da súa irmá, foi falar con Xoán para contarlle as novas que lle mandara.

A Xoán tamén lle pareceu boa idea iso de ir buscar a nena, pero antes tiñan que xuntar os cartos para o viaxe, e non podían aguardar moitos días, porque senón podía ocorrer que no hospital onde se atopaba a nena podía dicidir donala a algunha outra forma. Non tiveron outra mellor idea que contarlle ó cura da parroquia, e este falou á saída da misa para que tódalas persoas que quixeran deixar algún donativo para a axuda do viaxe, o fixera antes de dous días.

Como aquel matrimonio era moi coñecido e querido por tódolos veciños, a todos deron o que poideron e o cura tamén donou toda a esmola que xuntara naquel ano para que María e Xoán poideran ir buscar a meniña.

C cazo de dous días o matrimonio xa tiña certos reunidos de abondocomo para chegar a Bos Aires. Decidiron sacar os billetes e marchar.

Botaron alí, nesa cidade da Arxentina, tres días donde ademais de voltar moi ledos coa súa meniña, aproveitaron para ver a súa parente Manuela.

En canto chegaron a súa vila, o primeiro que fixeron foi mercar roupa para a súa meniña e levárona a facerlle unha revisión. Nesa revisión tiveron un gran disgusto cando lles dixeron que tiña un problema na vista e que o máis probable era que se quedase cega.

Dixéronlles que necesitaban levola a Barcelona a facer unha operación moi costosa.

Como Xoán tiña un tío vendendo cupóns do O.N.C.E. solucionoulle todo o problema, falou cos responsables dese organización e foron quen costeou toda a operación de nena e a estancia no hospital.

Cando a nena foi grande, os seus pais contaronlle todo o que sucedera, e ela decidiu doar tódolos seus órganos para cando finase.

Noé Fernández Rodríguez

5º Nivel de E.F.

## OS DOUS IRMÁNS

Érase unha vez un señor chamado Xosé Luis, el era pobre e aínda por encima xordo.  
Xosé Luis tiña un irmán chamado Ricardo, este era rico porque recuperara a empresa da que seu pai era o dono.  
Unha vez Xosé Luis escribiulle unha carta á seu irmán dicíndolle que o quería ver. Ricardo non lle contestou, deixou a carta na sofa.  
Pasado un día a súa muller viu a carta e leuna, á noite cando estaban ceando ela díxolle a Ricardo:  
-Quero coñecer a teu irmán.  
-Pero, ti como sabes que teño irmán? -dixo Ricardo.  
-Leín a carta. Sei que é xordo pero non importa.  
-Si que importa, se saben os meus amigos que teño un irmán pobre e xordo e que eu son rico que dirán de min -dixo Ricardo moi triste.  
-Aí si. O único que che importa é a tua vida e a dos demais que logo ela foise para a habitación.  
Ricardo estivo toda a noite pensando e despois decidiu ir ver á seu irmán.  
Esa mañá foi á casa de seu irmán e estiveron toda a mañá falando. Logo decidiron ir a vivir os dous xuntos á casa de Ricardo.  
Ricardo levou a Xosé Luis a moitos médicos. Nun deles a Ricardo operárono e recuperou o oído.  
Desde aquel día viviron todos moi felices.

Lucía N.6ºE.F.

## "LUCIELAMARI"

Lucielamari era unha nena fermosa cun pelo negro e brillante cortado en media melena.

Tiña uns profundos ollos, azuis coma a auga do mar; mirada magnética e fixa; e a súa pel era pálida coma a area.

Estaba condenada a unha silla de rodas dende os cinco anos e xa tiña doce.

A bruxa Archiespecosa, convertiuna en inválida porque sabía que Lucielamari era a princesa das augas, que a nomeara a serea Alacanti, a gobernadora dos océanos; algo que Lucielamari non sospeitaba, xa que cando fora nomeada princesa tiña tan só un mes.

Lucielamari era filla de Serea e Tritón; ela tamén era serea no seu corazón, xa que Archiespecosa substituíra a súa narabilliosa e fluorescente cola de peixe por unhas inmóbiles pernas. Lucielamari vivía na superficie, na praia de Salomndri, pertencente a Xelamondra, nunha pequena cabana feita de madeira e palla. Convivía cun can falador, Brauli; e a pesar de estar separada dos seus pais, que vivían no mar; dentro do que cabé era feliz.

O seu can traíalle de comer, dicíalle palabras fermosas e dáballe calor nas noites de frío.

Un día chuvioso e triste do mes de febreiro, Brauli sacou a Lucielamari a pasear, el empurraba a silla con moita coidado para que a nena non se nancase. Brauli aparcou a silla na beira do mar e berrou:

— Pais de Lucielamari, a vosa filla desexa vervos e falarvos asónadevos á beira onde a meniña espera.

E unha fermosa serea e un musculoso tritón apareceron por riba da auga.

— Ola, filliña- dixeron os dous a dúo.

— Ola, pais, é do meu agrado falar convosco sobre unha cousa.

— Si, filla, escoitámoste- repetiron.

A nena comezou a falar:

— Oín rumores de que son princesa das augas, que me nomeou a serea Alacanti, e que por iso Archiespreciosa cambiou a miña cola por pernas inmóbiles, para que non gobernara os mares e para que sufrise. Dicides, apreciados proxenitores, se é certo o rumoreado; pero non me contedes mentira, xa que non me gustaría ter que descubri-lo por outras persoas que non sexades vós.

— Miña querida, Lucielamari- contestaron seus pais- certo é

pois, o rumoreado, e agora que é do teu coñecemento, deberíanos facer algo para que isto non siga así.

— Papá, naná, ¿Cal é a vosa suxerencia?

— O que eu propño, e o que túa nai propón é: atopa-lo conxuro da bruxa, lélo ó revés e rompelo para que non volva causar danos.

— Pai, tes razón - admitiu a filla- nai, ti tamén. O castelo de Archiespreciosa está nunha illa apartada de aquí, eu non podo nadar ata ela, nin tampouco camiñar; ide vós e levade a Brauli ata o castelo de Archiespreciosa, conseguide o conxuro e traédeo. Confío en vós.

— Non confías nal, Lucielamari; traerémo-lo conxuro, pero quédate con Brauli para que te protexa

— Como queirades.

E así marcharon océano adentro á procura do conxuro para salvar-la nena.

Nadaron durante horas e puideron divisa-lo castelo ó lonxe, sumerxírnse para que non os vise, e cando estaban chegando á illa voltaron á superficie.

Azarráronse á area, molláronse ben para non se deshidratar durante a súa estancia na illa; e arrastándose como puideron chegaron á porta do castelo; empurrárona e estaba aberta, entón entraron. Estaba todo cao de pó e de teas de araña.

Viron a cociña, o corredor, o cuarto de baño e subiron polas escaleiras; parecía que a bruxa saíra. Revisaron un por un todos os cuartos do apestoso castelo, ata chegar ó de Archiespecosa; puxéronse a revolver caixóns e armarios ata que deron co escondrixo onde gardaba millóns de conxuros. Parecía imposible buscar un entre miles, pero o amor que lle tiñan á súa filla, fixo que despois de buscar e rebuscar que o encontraran.




Volveron á praia satisfeitos; curaron á súa nena, romperon o conxuro e viviron felices no fondo do mar por moitos, moitos anos.


M<sup>a</sup> Cristina Rodríguez Andrade.

6<sup>o</sup> de E.P.

Colexio Público de Guntín.

# AS AVENTURAS DE CELIA





Tinita Fernández Castro - 2º B -



# DEPORTES




Este ano participaron moitos alumnos no deporte escolar, e máis o farían se todos pais colaborasen.

Na nosa zona participaron os seguintes colexios: Monterroso 1 e 2, Antas de Ulla, Palas de Rei, Taboada, Friol, e Guntín.

Destacamos, como sempre, en Atletismo con algúns dos mellores postos. Pero empezaremos, por Campo a través por ser o que se celebra no primeiro trimestre durante 3 días.

## CAMPO A TRAVÉS

### CATEGORÍA

#### Benxamín

López López Jose Ramon

#### Alevín

Campos Vazquez Laura

Castro Escribano José

López López Diego

#### Infantiles

García Abelairas Sonia

Díaz López Eva

Fernández Castro Mari Carmen

Valín Alvarez Maria José

Fernández López Alberto

Fernández Castro Miguel

Varela García Oscar

#### Cadetes

Cadavide Castro Ana

Reigosa Iglesias Silvia

Cazón Liz Isabel

Varela García Verónica

Rey Sanmartino Carlos

Zolle Castro Marcos

	<u>POSTO</u>			
	1	2	3	4
López López Jose Ramon		x		
Campos Vazquez Laura				x
Castro Escribano José	x			
López López Diego			x	
García Abelairas Sonia	x			
Díaz López Eva			x	
Fernández Castro Mari Carmen				x
Valín Alvarez Maria José			x	
Fernández López Alberto	x			
Fernández Castro Miguel		x		
Varela García Oscar	x			
Cadavide Castro Ana	x			
Reigosa Iglesias Silvia		x		
Cazón Liz Isabel				x
Varela García Verónica			x	
Rey Sanmartino Carlos	x			
Zolle Castro Marcos		x		

FÚTBOL

CATEGORÍA	POSTO						
	1	2	3	4	5	6	7
Benxamíns							
Alevín Femenino			X				
Alevín Masculino A			X				
Alevín Masculino B						X	
Infantil Femenino		X					
Infantil Masculino	X						
Cadete Femenino	X						
Cadete Masculino	X (Empatados con Friol).						

BALONCESTO

CATEGORÍA	POSTO				
	1	2	3	4	5
Alevín Femenino					
Infantil Femenino		X			
	X				

ATLETISMO

Clasificáronse para a final provincial de Atletismo 1999 os seguintes participantes:

- . Agrupación Deportiva de Guntín:
  - Diego Rodríguez Vazquez/Altura/Peso.
  - Diego Carreira Lamas/Longuitua.
  - Miguel Fernandez Castro/Disco/Jabalina.
  - Sonia Garcia Abelairas/Peso/Disco.
- . CEIP de Guntín:
  - Cristina Abelairas Vazquez/Longuitua/Peso.
  - José Castro Escribano/60m.lisos/Longuitud.
  - Julián Núñez Carballo/Altura.
  - Hugo Conde Liz/Peso.
  - Oscar Varela García/150m.lisos/1000m.obst./Peso
  - Mari Carmen Fernandez Castro/Peso/Disco.

Damos as gracias os pais por vir a recoller ós nenos e nenas , e ánimos ós alumnos que non participaron, para que o fagan o próximo ano.

AUTORAS: Lidia , Yolanca , Marta e María José

I.E.S.O B

# B O H M O B K

Xaimito, aquí tes os teus  
Pibros para o cadexio.

- ¡Está ben, papá!

- Tem asidado, que son malos.

- Non te preocupes, men segura  
es vou a tocar.


- Mama, mesma no cadexio  
chamámme "Pillo de voca"

- Mmmmmmmunacións, Pillo  
Mmmmmmmunacións.

Levántase o telón e un mestre  
está pedindo un voluntario para  
que salga á pizarra.

¿Como se titula a película?

"O silencio dos cordóns"



Constaninoma na contáda  
es Form de BSB...

1E00A

¿Que lle di unha panede a  
outra?

- Vememos na esquina.

¿Como reton os menos pijos?

- Xesucito da miña eida, ti eres  
pijo coma min, cuida destes  
Levi's, que me costaron un par  
tón.

¿Que lle di unha mesca a  
outra?

- Parame o día voando.

Um bernacho vai comido da  
súa casa. Mentras vai, di.

- Este e o meu portal... este  
é o meu salón... esta é a  
miña habitación.

De repente, a súa muller está  
na cama con outro:

- Esta e a miña cama, esta e  
a miña muller, e ébe...  
son eu.

Alba Rodriguez Vazquez.

Verónica Condeira Rodriguez.

M<sup>a</sup> de Carmen Fdez. Castro.

Xau quere chavar  
a un restaurante  
e, equivocase e  
chava a un manicunio.




"Falau dúos bombillas"




tanto tempo dando a  
luz e nunca temos  
un fillo

"¿Que lle dí un pouco a outro?"



"Dille un wecto a outro"



Miguel Aldariz R. e Antonio Rodríguez V. (1º A - E.S.O.)

**O CHINO**  
 Un amigo dille o outro:  
 -Sabes como se di en chino  
 "espello?"  
 -Non.  
 -Chim choy yo.

**VAGABUNDOS**  
 Un policia interroga a  
 dous vagabundos:  
 -¿Vostede onde vive?  
 -¿Eu? En ningun sitio.  
 -¿E vostede? -pregutalle  
 o policia a outro vagabundo.  
 -Eu, o lado deste.

**A CHAMADA**  
 !Riiing!! Riiing!  
 -Aló, aló?  
 -¿Alí, alí?  
 -Mira que eu falo en serio.  
 -E eu en sirio...

# CHISTES

**O BURRO**  
 Papá, papá o burro caeu  
 ó pozo.  
 E o pai respóndelle:  
 -Pois bóttalle comida, que  
 auga non lle falta.

**A CONSULTA**  
 Un home vai á consulta do  
 médico e vé que entran en  
 grupd dez persoas omesmo tempo.  
 Estrañado preguntalle ó último  
 -¿Porque entran todos á vez?  
 -Porque a consulta é de oito  
 a dez.

**O SOL**  
 Están dous homes falando e  
 un dille o outro:  
 -Estou pensando en ir ó sol.  
 E o outro contestalle:  
 -¿Como vas ir ó sol!! Vaste queimar!  
 -Por eso pensei ir de noite.

**O MOSQUITO**  
 Vai un mosquito voando polo salón  
 tan tranquilamente, cando de repente,  
 choca coas cortinas.  
 E o mosquito esclama:  
 -¿Que nevoa tan espesa!

*Ne Jijis*  
*Adria Nuñez*

BUSCA BEN NESTE CALDO DE LETRAS E ATOPARÁS O NOME DE DÓCE  
 GRANDES ESCRITORES GALEGOS:

R	O	B	E	R	T	O	R	R	E	N	J	A.
B	L	A	N	C	O	M	I	J	A	T	O	
T	O	R	R	E	S	U	K	E	R		R	C
X		O.		P	E	D	R	A	Y	O	D	U
	C	O	L	O	N		M		C	R	A	N
A	U	M	É	N	D	E	Z	F.	A	I	N	Q
M	R			D	Í	A	Z		S	V	A	U
O	R	O	N	A	L	D	O	O	T	A	N	E
R	O	S	A	L	Í	A		D	E	L	C.	I
	S	I		M	A	N	U	E	L		M <sup>o</sup>	R
N	E	I	R	A		V	I	L	A	S		O
C	E	L	S	O		E.		F.	O		T	Z
	E	X.		R.		B	A	R	R	I	O	

ENIGMA

Un home vive no noveno piso dun edificio. Sae todas as mañás ás oito para o seu traballo. Sae do seu piso, pilla o ascensor ata o baixo e vaise tan tranquilo.

Volve sempre á súa casa ás tres da tarde. Se chove colle o ascensor no baixo, sube nel ata o seu piso -o noveno- e métese na súa vivenda. Cando non chove sube no ascensor ata o oitavo e, dende alí, continúa polas escaleiras ata o noveno, o seu, e despois entra.

¿POR QUE FAI ISTO O HOME?

NOTA: as/os que atopen o nome dos doce escritores e saiban resolver o enigma poden deixar, se queren, as solucións na Secretaría do Centro nun sobre pechado. No remite figurarán o nome, os apelidos e o curso da alumna ou alumno que deixa as solucións e, por diante do sobre escribírase o seguinte:

"SOLUCIÓNES ESCRITORES-ENIGMA"

(Equipo de Normalización Lingüística)

Entre os/as acertantes sortearanse un par de libros.



**FELIZ NAVIDAD**

E así, con este debuxo de JOSE CASTRO ESCRIBANO -5º E.P.- que acadou o 1º Premio Provincial do concurso "PINTA O NADAL", despedímonos. Pero non queremos facelo sen antes agradecer a colaboración de todos os alumnos e alumnas, así como a dos profesores e profesoras, que fixeron posible que, un curso máis, PALLARES vise a luz. Gracias a vós tamén, lectores, pola atención que estamos seguros nos prestaredes. Así pois, ata o ano próximo.

¡NACEMOS EN GALICIA-SOMOS GALEGOS-FALEMOS GALEGO!

## Galicia

Galicia docemente  
está ollando o mar:  
¡ten vales e montañas  
e terras pra labrar!

Ten portos, mariñeiros,  
cidades e labregos  
¡cargados de traballos,  
cargados de trafegos!

Galicia é unha nai  
velliña, soñadora:  
¡na voz da gaita rise,  
na voz da gaita chora!

Galicia é o que vemos:  
a terra, o mar, o vento...  
¡Pro hai outra Galicia  
que vai no sentimento!

Galicia somos nós:  
a xente e maila fala  
¡Se buscas a Galicia  
en ti tes que atopala!